



Concello de Lugo

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refº: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

**MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o catorce de decembro de dous mil dezaseis, adoptou o seguinte acordo:**

**6/833 CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LUGO PARA A ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUÍZO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CONDICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN. (EXP. REF. 50-2016).-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 29 de novembro de 2016 que, na súa parte expositiva, fai constar:

**“ANTECEDENTES**

- 1º.- Prego de condicións técnicas para a contratación do servizo de colaboración co Concello de Lugo para a asistencia xurídica e representación e defensa en xuízo elaborado polo Titular da Asesoría Xurídica en data 21 de outubro de 2016 xunto co correspondente informe
- 2º.- Certificación de existencia de crédito para exercicios futuros por importe de 28.943,20 euros (RC 99247/16)
- 3º.- Informe complementario do Titular da Asesoría Xurídica do 16 de novembro de 2016
- 4º.- Prego de cláusulas administrativas elaborado polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento para a contratación deste servizo en data 16 de novembro de 2016.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

1



MURALLA  
patrimonio da humanidade

CSV: kwJEYcoQbVbV2SjxHU6SxQ==

SINATURAS


MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELEIRO  
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 1 / 34

DATAS(UTC)

26/12/2016 13:58:26

26/12/2016 13:58:27



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

**Primeira.** Este contrato pode ser cualificado como un contrato de servizos, que segundo o artigo 10 do TRLCSP serían aqueles “co seu obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración”. O presente contrato ten por obxecto a prestación do servizo de asistencia xurídica e representación e defensa en xuízo elaborado polo Titular da Asesoría Xurídica.

**Segunda.** O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no TRLCSP e no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP, establecéndose maioritariamente criterios avaliábeles automaticamente.

**Terceira.-** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual. Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e a normativa específica de aplicación.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**




PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LUGO PARA A ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUÍZO

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas que rexerán na licitación de referencia, sendo o teor literal o seguinte:

**A) "PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LUGO PARA A ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUÍZO (EXP. REF. 50-2016).**

**ÍNDICE**

- **CLÁUSULA PRIMEIRA.** OBXECTO DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA SEGUNDA.** NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA TERCEIRA.** DURACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA CUARTA.** PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO.
- **CLÁUSULA QUINTA.** PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR. COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS PERSOAIS.
- **CLÁUSULA SEXTA.** CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.
- **CLÁUSULA SÉTIMA.** GARANTÍAS.
- **CLÁUSULA OITAVA.** ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA NOVENA.** FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMA.** DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.
- **CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA.** MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA.** CRITERIOS DE VALORACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.
- **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.** ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA.** FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA.** EXECUCIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA.** GASTOS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA.** CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN CON CARÁCTER DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA.** RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA.** PAGAMENTO.



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

- **CLÁUSULA VIXÉSIMA. PENALIDADES.**
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.**
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. RÉXIME DE RECURSOS.**
- **ANEXO I. DOCUMENTACIÓN GABINETE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.**
- **ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN REXISTRAL.**
- **ANEXO III. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).**
- **ANEXO IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.**
- **ANEXO V. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Á OBRIGA DE TER TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE EN PLANTILLA.**
- **ANEXO VI. COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS PERSOAIS.**
- **ANEXO A . PRESENTACIÓN DE PLICAS**

**PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.**

É obxecto deste contrato a prestación dun servizo de colaboración coa Asesoría Xurídica Municipal do Concello de Lugo para a representación e defensa en xuízo baixo a dirección do titular da Asesoría Xurídica e segundo o prego de prescricións técnicas elaborado polo titular da Asesoría Xurídica don Manuel Louzao Aldariz

CPV 2008: 79110000-8 Servizos de asesoría e representación xurídicas

79110000-5 Servizos de asesoría xurídica

No informe do Titular da Asesoría Xurídica do Concello de Lugo xustifícase a necesidade da contratación deste servizo na ausencia neste momento de persoal suficiente para levar a cabo as funcións consultiva e contenciosa establecidas no Regulamento Interno de Organización Municipal do Concello sen que exista, polo de agora, a posibilidade de prover temporalmente os postos necesarios xa que é preciso proceder a unha actualización da Relación de Postos de Traballo (actualmente en marcha) e a posterior cobertura en legal forma dos postos de traballo vacantes que permitirá a prestación destes servizos de modo satisfactorio.

**SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.**

Trátase dun contrato de servizos, recollido e regulado no artigo 10 do TRLCSP e que ten por obxecto a prestación dun servizo de colaboración coa Asesoría Xurídica Municipal do Concello de Lugo para a representación e defensa en xuízo baixo a dirección do titular da Asesoría Xurídica e segundo o prego de prescricións técnicas elaborado polo titular da Asesoría Xurídica don Manuel Louzao Aldariz e que pode incluírse na categoría 12 do Anexo II do TRCLSP.

4



Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de Coordinación de actividades empresariais.
- Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo, polo que se modifican o Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención; o Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde en obras de construción. BOE nº 71 23-03-2010.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os efectos da mesma.

**Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.**

#### TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato terá unha duración de **SEIS MESES** a partires da formalización do contrato podendo ser obxecto de prórroga por outro período máximo de seis meses sen que a duración do contrato poda exceder de un ano.

#### CUARTA. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO.

4.1.- O **orçamento máximo** do contrato é de 23.920 euros ó que sumado o IVE (21%) 5.023,20 euros – resulta un total de **28.943,20 euros IVE incluído**.

Este orzamento resulta de aplicar os prezos unitarios por cada tipo de procedemento xudicial no que se interveña e o número máximo estimado deles conforme o seguinte:



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

a) Orde xurisdiccional contencioso-administrativo:

- Procedemento ordinario, incluíndo toda a tramitación do procedemento ata a sentenza de primeira instancia: 600 euros máis o IVE (21%) – 126 euros, resultando un total de 726 euros IVE incluído

\* Cando o procedemento se tramite ante Tribunal Superior de Xustiza ou Audiencia Nacional: 750 euros máis o IVE (21%) – 157,5 euros, resultando un total de 907,5 euros IVE incluído (*é un prezo fixo sobre o que non se avaliará a baixa ofertada*)

- Procedemento abreviado. Tramitación de todo o procedemento ata a sentenza: 400 euros máis o IVE (21%) – 84 euros, resultando un total de 484 euros IVE incluído

- Recurso de apelación. Interposición ou oposición ao interposto de contrario: 300 euros máis o IVE (21%) – 63 euros, resultando un total de 363 euros IVE incluído

b) Orde xurisdiccional social

- Procedemento de primeira ou única instancia: 300 euros máis o IVE (21%) – 63 euros, resultando un total de 363 euros IVE incluído

- Recursos: 120 euros máis o IVE (21%) – 25,20 euros, resultando un total de 145,20 euros IVE incluído (*é un prezo fixo sobre o que non se avaliará a baixa ofertada*)

**Sobre estes prezos unitarios (ordinario contencioso-administrativo, abreviado contencioso-administrativo, apelación contencioso-administrativo e única e primeira instancia na orde xurisdiccional social) os licitadores deberán presentar as súas ofertas.**

c) Orde xurisdiccional civil (*son prezos fixos sobre os que non se avaliará a baixa ofertada*)

- Xuízo ordinario: 600 euros máis o IVE (21%) – 126 euros, resultando un total de 726 euros IVE incluído

- Recursos: 200 euros máis o IVE (21%) – 42 euros, resultando un total de 242 euros IVE incluído

d) Orde xurisdiccional penal (*son prezos fixos sobre os que non se avaliará a baixa ofertada*)

- Actuacións en dilixencias previas: 150 euros máis o IVE (21%) – 31,50 euros, resultando un total de 181,50 euros IVE incluído

- Xuízos por delitos leves: 150 euros máis o IVE (21%) – 31,50 euros, resultando un total de 181,50 euros IVE incluído

4.2.- O **valor estimado do contrato** (tendo en conta a prórroga do contrato) ascende a **47.840 euros**.

4.3.- Faise constar a existencia de consignación orzamentaria para exercizos posteriores na aplicación 92006.22604 do vixente Orzamento por un importe de 28.943,20 euros (**RC FUT 99247**).

4.3.- A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se encontran incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos, soldos do persoal ó seu cargo que leven a cabo a prestación dos servizos, taxas e toda clase de tributos, en





especial o IVE, e en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas.

**QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR. COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS PERSOAIS.**

O presente contrato adxudicarase polo procedemento **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138 e 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 55 e seguintes do TRLCSP

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.


**Para isto, os licitadores (no caso de persoas xurídicas) deberán incluír dentro do sobre A e conforme o modelo do ANEXO VI deste prego de cláusulas administrativas particulares o compromiso de adscribir á execución do contrato un letrado principal que será avogado colexiado en exercizo cos requisitos de antigüidade e solvencia esixidos na cláusula sexta deste prego e con dispoñibilidade de asistencia diaria ás xuntanzas ás que sexa requirido e demais esixencias do prego de prescricións técnicas**

Poderán así mesmo, presentar proposicións as **UNIÓNS DE EMPRESARIOS** que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

**SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA . CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.**

**6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira poderá acreditarse mediante algún dos seguinte medios:**

- Co **volumen anual de negocios** (cifra de negocios por importe neto que se reflicta na conta de perdas e ganancias da conta anual) referido ao ano de maior volumen de negocio dos últimos tres anos anteriores á licitación deste contrato por **importe igual ou superior a 35.000 euros IVE excluído.**



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

Para a acreditación deste volume anual de negocios achegaranse as contas anuais do ano de maior volume de negocio aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil ou oficial que corresponda mediante a certificación, nota simple ou información análoga expedida polo Rexistro e que conteña as contas anuais, sempre que estea vencido o prazo de presentación e se atopen depositadas; se o último exercizo se atopase pendente de depósito, deben achegarse acompañadas da certificación da súa aprobación polo órgano competente para isto e da súa presentación no Rexistro.

Os empresarios individuais non inscritos acreditarán o volume anual de negocio por medio dos libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.

- Co **Patrimonio neto positivo ou ben ratio entre activos e pasivos** ao peche do último exercizo económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais **por importe superior á unidade**. Non obstante as sociedades deberán superar o importe establecido na lexislación mercantil para non incorrer en causa de disolución.

- Mediante a presentación dun **seguro de indemnización por riscos profesionais** que estará vixente ata a finalización do prazo de presentación de ofertas por un importe mínimo de cobertura de 450.000 euros anuais

Para a súa acreditación deberá achegar:

1º. -Certificado do asegurador no que indique o importe, o risco asegurado e a data de vencemento.

Alternativamente a este certificado o licitador poderá achegar un compromiso asinado polo propio licitador de que se compromete, para o caso de resultar adxudicatario, a subscribir o seguro de indemnización por riscos profesionais coas condicións anteriormente sinaladas no momento que sexa requirido para elo.

2º.-Compromiso asinado polo licitador de renovación ou prórroga deste seguro que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato.

**6.2.- A solvencia técnica deberá ser xustificada do seguinte xeito:**

- En caso de persoas físicas deberá acreditar a **condición de avogado** colexiado en exercizo cunha **antigüidade mínima de cinco anos de alta** como exercinte no Colexio Oficial correspondente que o habilite para o exercizo da profesión de avogado. Para a acreditación da condición de avogado e antigüidade en alta como exercinte deberá achegar no sobre A a correspondente certificación emitida polo Colexio de Avogados agás presente a declaración responsable do ANEXO IV.

Asimesmo deberá acreditar a intervención como letrado en alomenos trinta procedementos xudiciais na orde contencioso-administrativa e cincuenta procedementos en calquera orde xurisdiccional (incluíndo o contencioso-administrativo) durante os últimos cinco anos; para isto, deberá achegar no sobre A - agás presente a declaración responsable do ANEXO IV - unha declaración responsable dos licitadores de cumprimento deste requisito, sobre o cal o contratista finalmente seleccionado deberá presentar a oportuna acreditación.

- En caso de persoas xurídicas deberá acreditar a mesma experiencia indicada no parágrafo anterior debendo presentar un **compromiso de adscrición (Anexo VI)**





de avogado colexiado en exercizo cunha antigüidade mínima de cinco anos de alta como exercinte e con experiencia de letrado esixida anteriormente.

#### SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibise o requirimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no mencionado artigo.

#### OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello ([www.lugo.gal](http://www.lugo.gal))

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

#### NOVENA. FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición mediante **unha instancia ou escrito conforme ao modelo de Anexo A “PRESENTACIÓN DE PLICAS” que se achega ao final deste prego e que se acompañará de TRES sobres pechados**, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, DNI/NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e fax para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA-, e letra B – PROPOSTA TÉCNICA E RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR e letra C - OFERTA ECONÓMICA E RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE.



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

**En tódolos sobres identificarase o número de expediente (EXPTE. REF. 50-2016).**

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas de luns a venres 9 ás 14 horas ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

**DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.**

**O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA** - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

- Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

- Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas.

3.- **Declaración responsable (conforme o modelo do Anexo III)** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de

alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

**Advírtelles aos licitadores que a comprobación de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias co Concello de Lugo – referido ao momento de presentación de ofertas - realizarase de oficio polo que, de acreditarse a existencia de débedas co Concello, esta circunstancia suporá unha falsidade na súa declaración responsable que impedirá realizar a adxudicación ao seu favor por atoparse en prohibición para contratar.**

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

**4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto legislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

**Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. Para a acreditación deste último requisito, na declaración responsable do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas que deberá achegar coa certificación que se menciona nos parágrafos seguintes, inclúese un apartado a estes efectos.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación**. A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar -no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado- a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

**6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:**

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.



Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

**DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUBSTITUÍR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (APARTADOS 1 A 6) DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TÓDALAS CONDICIÓN ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO IV DESTES PREGOS.**

**7.- Declaración responsable (conforme modelo do ANEXO V ou dentro do ANEXO IV) pola que, de resultar adxudicatarios -e para o caso de que o número de traballadores en plantilla iguale ou supere a cifra de 50- obríganse a cumprir e acreditar o cumprimento da obriga sinalada no artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.**

Nesta declaración farase constar que se asume o compromiso de acreditar o cumprimento desta obriga durante toda a vixencia do contrato cando sexa requirido polo responsable do contrato.

**8.- No caso de persoas xurídicas deberá achegar **compromiso de adscrición de medios persoais conforme o modelo do ANEXO VI****

**A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B e/ou sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de non discriminación e igualdade de trato**


**O sobre B – PROPOSTA TÉCNICA (RELATIVA A CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR).**

Dentro deste sobre B presentarán a documentación necesaria para proceder á valoración da súa oferta conforme os criterios de adxudicación avaliábles mediante xuízo de valor que se sinalan na cláusula décimo segunda (apartado 12.2).

**En particular deberán achegar dentro deste sobre B o Curriculum exclusivamente\* do letrado principal** adscrito á execución do contrato.

\* Os licitadores non poderán realizar referencia algunha á existencia doutro letrado xa que esta información (nº de letrados a maiores do principal) é obxecto de avaliación conforme criterios avaliábles automaticamente e debe vir dentro do sobre C.

**A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre C dentro deste sobre B implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de non discriminación e igualdade de trato.**



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

**O sobre C - OFERTA ECONÓMICA E RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE**, conterà o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don ....., con domicilio en ..... e DNI nº ....., expedido o ....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de ....., con DNI ou CIF nº .....,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LUGO PARA A ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUÍZO (EXP. REF. 50-2016)**

b) Oferta como **prezos unitarios para a execución do contrato os seguintes:**

1.- Na orde xurisdiccional contencioso-administrativo:

- Procedemento ordinario, incluíndo toda a tramitación do procedemento ata a sentenza de primeira instancia: ..... euros máis o IVE (21%) .... Resultando un total de ..... euros IVE incluído

- Procedemento abreviado. Tramitación de todo o procedemento ata a sentenza: ..... euros máis o IVE (21%) .... Resultando un total de ..... euros IVE incluído

- Recurso de apelación. Interposición ou oposición ao interposto de contrario: ..... euros máis o IVE (21%) .... Resultando un total de ..... euros IVE incluído

2.- Na orde xurisdiccional social

- Procedemento de primeira ou única instancia: ..... euros máis o IVE (21%) .... Resultando un total de ..... euros IVE incluído

c) Oferta unha **rebaixa porcentual sobre os ditos prezos** ofertados para o caso de rematar calquera dos procedementos cunha sentenza integramente desfavorable aos intereses municipais do .....% sobre os prezos ofertados ou os fixados nestes pregos.

d) Que para a prestación do servizo, e a maiores do letrado principal, adscribírase **un letrado a maiores** (*indicar cun círculo o que proceda*)

- SI
- NON

e) Que comprométo-me a representar ao Concello de Lugo nos seguintes procedementos a maiores dos previstos no prego técnico, de xeito gratuito e sen custo para o Concello de Lugo:

..... (indicar nº) de procedementos ordinarios contencioso-administrativo.

..... (indicar nº) de procedementos abreviado contencioso-administrativo.

..... (indicar nº) de recursos de apelación en contencioso-administrativo.

.....(indicar nº) de procedementos en primeira ou única instancia na orde xurisdiccional social

\* Importe total dos procedementos ofertados a maiores: ..... euros IVE incluído.

\* *O importe será o resultado de multiplicar o nº ofertado polos prezos unitarios ofertados no apartado b) desta oferta. O importe total deste aforro que supón a*





*ampliación dos procedementos de intervención será o que será obxecto de avaliación.*

f) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas en particular a dispoñibilidade de asistencia diaria ás xuntanzas ás que sexa requirido e demais esixencias do prego de prescricións técnicas

g) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓN.**

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

Presidente: Xefe do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.

Secretario: Técnico do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.

Vogais:

-Titular da Asesoría Xurídica ou persoal que o substitúa.

-Interventor xeral ou persoal que o substitúa.

-Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou persoal que o substitúa.

-O Secretario Xeral do Pleno.

-Técnico de Xestión de Asesoría Xurídica ou persoal que o substitúa


O acto de apertura das ofertas (sobre B) celebrarase ó segundo día hábil contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C), tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

#### **DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE VALORACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.**

Os **critérios para a valoración** das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa serán os seguintes, os cales se sinalan por orde decrecente de importancia e ponderación:



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

**12.1.- CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE: Ata 70 puntos desglosado como segue:**

**12.1.1.-Oferta económica. Ata 55 puntos detallados como segue:**

- Prezo procedemento ordinario contencioso-administrativo (ata 15 puntos)
  - Prezo procedemento abreviado contencioso-administrativo (ata 15 puntos)
  - Prezo recurso de apelación contencioso-administrativo (ata 10 puntos)
  - Prezo procedemento en primeira ou única instancia orde xurisdicción social (ata 5 puntos)
  - Rebaixa porcentual no caso de rematar calquera dos procedementos cunha sentenza integramente desfavorable aos intereses municipais (ata 10 puntos).
- Obterá a máxima puntuación en cada un dos catro primeiros apartados aquelas proposicións que oferten o prezo mais baixo. Obterán 0 puntos aquelas proposicións que oferten o prezo de licitación o as restantes valoraranse proporcionalmente en función da baixa ofertada.
- No quinto apartado obterase un punto por cada dous puntos porcentuais de rebaixa ata un máximo de 10 puntos

**12.1.2.- Número de letrados adscritos á execución do contrato (10 puntos)**

Valorarase neste apartado a adscrición á execución do contrato de **un letrado a maiores do principal**. Se oferta un letrado a maiores obterá 10 puntos, se non se oferta letrado a maiores obterá 0 puntos.

**12.1.3.- Melloras ofertadas que afecten á eficacia do servizo e supoñan un valor engadido ao mesmo sen custo para o Concello consistente na ampliación do número de procedementos nos que intervirá o letrado (ata 5 puntos)**

Neste apartado avaliarase a oferta do licitador consistente na intervención do letrado nos seguintes procedementos:

- procedementos ordinarios contencioso-administrativo.
  - procedementos abreviado contencioso-administrativo
  - recursos de apelación en contencioso-administrativo
  - procedementos en primeira ou única instancia na orde xurisdiccional social
- Deberá indicar o número de actuacións para cada procedemento que oferta a maiores de modo gratuíto.

Para a avaliación deste criterio terase en conta o número de procedementos ofertados a maiores polo prezo unitario que oferta o licitador de xeito que resultará un importe total de aforro para o Concello de Lugo no caso de ser preciso a intervención do letrado neles.

O que oferte o importe maior obterá a máxima puntuación (5 puntos), os que non oferten procedementos a maiores obterá 0 puntos e o resto de modo proporcional ao importe ofertado.

O responsable do contrato poderá modificar o reparto destas intervencións sempre que non se supere o importe total ofertado.

No caso de que a execución do contrato non se realice na súa totalidade o importe desta mellora (procedementos a maiores) se reducirá proporcionalmente ao executado.

## **12.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: Ata 30 puntos.**

### **12.2.1.- Currículum do letrado principal adscrito á execución do contrato (30 puntos)**

Valorarase especialmente neste apartado a formación do letrado principal (titulacións oficiais e cursos e seminarios recibidos e impartidos) así como a súa experiencia profesional e o número de asuntos nos que teña intervido como letrado, reservándose a mesa de contratación a posibilidade de contrastar o currículum aportado ou solicitar ao interesado certificacións acreditativas da información incluída no mesmo

### **12.3.- PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.**

En aplicación do establecido na disposición adicional cuarta do TRLCSP, establécese a **preferencia na adxudicación** deste contrato para as proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que no momento de acreditar a súa solvencia técnica teñan na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%, sempre que as ditas proposicións igualem nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación.

Se varias empresas licitadoras das que tivesen empatado en canto á proposición mais vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 %, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla.

Asimesmo e de manterse a igualdade terán preferencia na adxudicación deste contrato, en igualdade de condicións coas que sexan economicamente máis vantaxosas, as proposicións presentadas por empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social. Igualmente, resultarán aplicables os criterios establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

### **DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.**

A adxudicación dos contratos será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente as certificacións acreditativas de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

**De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o órgano de contratación requirirá ó licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da**

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

**proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación administrativa (apartados 1 a 6 da cláusula décima) dentro do sobre A, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.**

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar co Concello de Lugo será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

Asimesmo e dentro deste prazo de dez días hábiles deberá presentar a documentación xustificativa que permita acreditar a **disposición efectiva dos medios persoais que se comprometeu a adscribir para a execución do contrato e**, particular deberá achegar nese prazo:

1º.- Certificación do Colexio de Avogados no que se indique que tanto o letrado principal como o ofertado a maiores son avogados colegiados en exercizo.

O letrado principal deberá ter una antigüidade mínima de cinco anos de alta como exercente.

2º.- Acreditación de ter participado (o letrado principal) en alomenos trinta procedementos xudiciais na orde contencioso-administrativa e cincuenta procedementos en calquera orde xurisdiccional (incluíndo o contencioso-administrativo) durante os últimos cinco anos.

Para esto deberá achegar ou ben copias das sentenzas recaídas nos últimos cinco anos nos que se identifique o letrado ou ben certificación do órgano xurisdiccional correspondente no que se indique a participación do letrado nos procedementos xudiciais nos que declarou a súa participación.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará os contratos dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

Na notificación así como no perfil do contratante indícarase o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 155 do TRLCSP.

**DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.



No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houberese esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

#### DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estricte suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (titular da Asesoría Xurídica), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

**3. Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato non poderán ser cedidos a un terceiro polas razóns técnicas tidas en conta para a elección do procedemento que determinou a encomenda a un empresario determinado.**

**4. Non será posible a subcontratación deste servizo.**

5.- O contratista achega a súa propia dirección e xestión ao contrato sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve a das prestacións e servizos realizados conforme os pregos de prescricións técnicas.


#### DÉCIMO SEXTA. GASTOS.

Os gastos de anuncios de licitación serán por conta dos contratistas (o importe indícase no propio anuncio).

Encontrarase, así mesmo, obrigado ao pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

#### DÉCIMO SÉTIMA.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN CON CARÁCTER DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.

17.1.- O contratista está obrigado a cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes. As obrigas establecidas neste parágrafo configúranse como **condicións especiais de execución ás que se lles atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co artigo 118, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.**

Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato non escusará a obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

17.2.- Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello - para o caso de que legalmente sexa esixible - con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate, sempre que sexa requirida, a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, cando sexa requirida con carácter previo, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.





O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por él non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

17.3.- O/os contratista/s adxudicatario deberá acreditar, cando sexa requirido polo responsable do contrato, o **cumprimento da obriga sinalada no artigo 42 do Real Decreto Legislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade** e da súa inclusión social que esixe ás empresas con 50 ou máis traballadores ao cumprimento da obriga de ter empregados, durante a vixencia do contrato, traballadores con discapacidade nun 2%, polo menos, da plantilla da empresa.

En caso de ser requirido, a empresa achegará un certificado no que conste o número de traballadores en plantilla e a porcentaxe de traballadores con discapacidade podendo ser requirido para a presentación doutra documental a maiores que se estime necesaria para comprobar o cumprimento desta obriga.

A obriga establecida neste parágrafo configúrase como **condición especial de execución á que se lle atribúe carácter de obriga contractual esencial de conformidade co artigo 118 cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.**

#### **DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS.**

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente ó presente prego, ó de prescricións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no TRLCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentárase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

#### **DÉCIMO NOVENA.- PAGAMENTO.**

O pagamento realizarase mediante facturas unha vez recaída sentenza no procedemento no que interveña o contratista podendo fraccionarse o pagamento do seguinte xeito:

- 50% do prezo ofertado ou establecido no prego unha vez presentada ante o órgano xurisdiccional a demanda ou contestación á demanda, recurso ou oposición ao recurso.

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

- 50% restante unha vez recaída sentenza no procedemento con aplicación no seu caso da rebaixa porcentual ofertada.

Nas facturas presentadas deberá especificarse o número e identificación dos procedementos no que interviña. Unha vez rematado o prazo de duración do contrato, en relación cos procedementos que se atopen pendentes nesa data, presentarase a factura con posterioridade por cada un dos procedementos.

En relación coas actuacións en dilixencias na orde xurisdiccional penal, poderá presentarse a factura unha vez realizada a actuación.

Se as facturas son de importe inferior a 5.000 euros poderá presentarse en formato papel ante un rexistro administrativo dos sinalados na Lei 30/1992 no prazo máximo de trinta días dende a realización do servizo e dirixidos ó Excmo. Concello de Lugo.

Se a factura é de importe igual ou superior a 5.000 euros estas deberán ter un formato electrónico e presentarse a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asinados ó Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo

Órgano Xestor: LA0005478. Alcaldía

Unidade Tramitadora: LA0005489. Asesoría Xurídica.

### VIXÉSIMA. PENALIDADES.

Impoñeranse penalidades ós contratistas cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

#### a) **Por incumprimento das condicións especiais de execución.**

O incumprimento das condicións especiais de execución e obrigas contractuais establecidas na **cláusula décimo sétima que se configuran como obrigas contractuais esenciais** poderá dar lugar á imposición de penalidades cando esta medida alternativa á resolución do contrato contribúa a satisfacer en maior medida o interese público ou de protección dos traballadores permitindo a continuación da execución do contrato.

Como regra xeral, a contía da penalidade será do 1% do importe de adxudicación do contrato (IVE incluído) para a primeira anualidade, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento ou desobediencia ás instrucións poderá terse en conta para avaliar a gravidade.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ó tempo da terminación do contrato.

#### b) **Penalidades especiais por incumprimentos contractuais.**



De conformidade co artigo 212 do TRLCSP **o incumprimento defectuoso do contrato dará lugar á imposición de penalidade.** Entendese por incumprimento defectuoso o incumprimento ou defectuosa execución das obrigas sinaladas no prego técnico ou das asumidas na súa oferta. O importe da penalidade será do 1% do presuposto do contrato (prezo de licitación IVE incluído) podendo incrementarse en caso de reiteración do incumprimento ata un total do 10% do presuposto.

No procedemento que se tramite ao efecto darase audiencia ó contratista, practicarase a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que resulte aplicable.

A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.

#### VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecidas no prego de prescricións técnicas que terán o carácter de obrigas contractuais esenciais así como polo incumprimento das condicións establecidas na súa oferta.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Os efectos do artigo 223.f) do TRLCSP considéranse **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo sétima destes pregos así como a obriga de dispoñibilidade para a asistencia diaria ás xuntanzas para as que sexa requirido prevista na cláusula segunda do prego de prescricións técnicas.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen prexuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e prexuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva

#### VIXÉSIMO SEGUNDA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.



ANEXO I

DOCUMENTACIÓN GABINETE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

**DATOS:**

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

**MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA**

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

\* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º  **COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**

\* Xuntar a acta de Constitución.



3º  **TRABALLADOR DESIGNADO**

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

SINATURA:

DATA:

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN REXISTRAL.**

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º ....., en calidade de ....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LUGO PARA A ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUÍZO (EXP. REF. 50-2016) declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores ..... (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1. ....
2. ....
3. ....

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data ....., manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro.


2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En ....., a ..... de ..... de 2016

Asdo.:

**ANEXO III**

**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).**



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de

....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LUGO PARA A ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUÍZO (EXP. REF. 50-2016) declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó órgano de contratación a solicitar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)

**ANEXO IV**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO**

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa.....con NIF

CSV: kwJEYcoQbVBV2SJxHU6SxQ==

**SINATURAS**  
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO  
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 26 / 34  
DATAS(UTC)  
26/12/2016 13:58:26  
26/12/2016 13:58:27





....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LUGO PARA A ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUÍZO (EXP. REF. 50-2016) declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que o asinante desta declaración como representante da empresa así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo o servizo de referencia, en particular o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei\* e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

*\* En caso de basearse a solvencia en capacidade doutras empresas (integración da solvencia por medios externos) deberá identificar a dita entidade.*

2º.- Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

3º.- Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.


4º.- Que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

5º.- Que o asinante desta declaración, a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma non interviñeron en negociación e/ou acordo algún para falsear a competencia e que non ten coñecemento da existencia dun posible conflito de intereses debido a súa participación neste procedemento de contratación.

6º.- Que o convenio colectivo que será de aplicación aos traballadores vinculados ao contrato no caso de resultar adxudicatario será o seguinte:

....., así mesmo, comprométese a facilitar canta información sexa requirida sobre as condicións de traballo aplicadas efectivamente aos mesmos.

7º.- Que asumo durante a vixencia do contrato a obriga de ter empregados traballadores discapacitados nun 2 por 100 polo menos da plantilla da empresa, se ésta acada un número de 50 ou máis traballadores, de acordo co artigo 38.1 da Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social de Minusválidos ou a obriga de adoptar as medidas alternativas establecidas no R.D. 364/2005, de 8 de abril. (No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto. ) e que acreditarei o cumprimento da dita obriga cando sexa requirido para elo e en calquera momento durante a vixencia do contrato, mesmo antes da devolución da garantía definitiva.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó órgano de contratación a solicitar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)

**ANEXO V**

**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Á OBRIGA DE TER TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE EN PLANTILLA**

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º ....., en calidade de ....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LUGO PARA A ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUÍZO (EXP. REF. 50-2016) declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que asumo durante a vixencia do contrato a obriga de ter empregados traballadores discapacitados nun 2 por 100 polo menos da plantilla da empresa, se ésta acada un número de 50 ou máis traballadores, de acordo co artigo 38.1 da Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social de Minusválidos ou a obriga de adoptar as medidas alternativas establecidas no R.D. 364/2005, de 8 de abril.\*

\* *No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán chegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.*

2º.- Que acreditarei o cumprimento da dita obriga cando sexa requirido para elo e en calquera momento durante a vixencia do contrato, mesmo antes da devolución da garantía definitiva.

..... de..... de.....


(Lugar, data e sinatura do licitador)

**ANEXO VI**

**COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS PERSOAIS  
 (só para os licitadores que sexan persoas xurídicas)**

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de ....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LUGO PARA A ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUÍZO (EXP. REF. 50-2016)** comprométome a adscribir á execución do contrato un letrado principal que será avogado colexiado en exercizo cos requisitos de antigüidade e solvencia esixidos na cláusula sexta deste prego e con dispoñibilidade de asistencia diaria ás xuntanzas ás que sexa requirido e demais esixencias do prego de prescricións técnicas  
 En ....., a ..... de ..... de 2016

Asdo.:

 <b>Concello de Lugo</b>						
<b>ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS"</b>						
<b>DATOS DO LICITADOR</b>						
NOME DA EMPRESA (Se é empresario individual indicar nome e apelidos)						
ENDEREZO:						
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	DOCUMENTO DE IDENTIDADE: <input type="checkbox"/> DNI/NIF <input type="checkbox"/> TARXETA <input type="checkbox"/> PASAPORTE <input type="checkbox"/> NIE				
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. O enderezo para os efectos de notificación será o consignado na solicitude como actual.		<table border="1"> <tr> <td>NÚMERO</td> <td>LETRA</td> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> </tr> </table>	NÚMERO	LETRA		
NÚMERO	LETRA					
<b>REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de que a persoa interesada actúe por medio de representación legal):</b>						

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

NOME:	1º APELIDO:	2º APELIDO:
DOC. IDENTIDADE:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

**PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN AO CAL CONCORRE****EXPTE. REF.: 50-2016****DENOMINACIÓN: CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LUGO PARA A ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUÍZO.****DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:**

SOBRE A: documentación administrativa.

SOBRE B: proposta técnica e relativa a criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

SOBRE C: oferta económica e suxeita a criterios avaliábeis automaticamente.

Lugo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de

A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.”

**B) “PREGO DE PRESCRICIÓNES TÉCNICAS QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LUGO PARA A ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUÍZO.****ANTECEDENTES**

O artigo 129 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no título X que regula o réxime de organización dos municipios de gran poboación, establece que sen perxuízo das funcións reservadas ao Secretario do Pleno polo parágrafo e) do apartado 5 do artigo 122 da mesma lei, existirá un órgano administrativo responsable da asistencia xurídica ao Alcalde, á Xunta de Goberno Local e aos órganos directivos, comprensiva do asesoramento xurídico e

30



da representación e defensa en xuízo do Concello, sen perxuízo do disposto no artigo 554 da Lei 6/1985, de 1 de xullo do Poder Xudicial.

#### PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato ven constituído polo servizo de colaboración coa Asesoría Xurídica Municipal para a representación e defensa en xuízo do Concello de Lugo, baixo a dirección do titular da Asesoría Xurídica do Concello e nas condicións establecidas neste prego de prescricións técnicas.

Os servizos contratados prestaranse sen réxime de exclusiva, reservándose o Concello a potestade de encomendar a representación e defensa en xuízo de calquer asunto ao titular da Asesoría Xurídica ou a outros funcionarios/as ou profesionais cando por razóns discrecionalmente apreciadas, se considere máis conveniente para o interese público municipal.


Os servizos contratados comprenderán:

- Representación e defensa do Concello ante os Tribunais de Xustiza nos procesos nos que estea incurso así como nos que se susciten en relación con intereses municipais en calquera orden xurisdiccional.
- Interposición de recursos contencioso – administrativos, demandas, denuncias, querellas ou calquera outro tipo e reclamación ou incidente que debe promoverse en defensa do Concello así como dos membros da Corporación ou dos empregados públicos municipais cando o fundamento de aqueles estea relacionado co exercizo das súas funcións públicas.
- Representación e defensa do Concello ante órganos constitucionais e administrativos.

#### SEGUNDA. CONDICIÓNS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

Os servizos prestaranse baixo a dirección do titular da Asesoría Xurídica do Concello, que será o responsable do contrato e o interlocutor do Concello para as relacións co adxudicatario e tendo en conta as seguintes condicións:

- O contratista adxudicatario deberá contar como mínimo cun **letrado principal** adscrito á execución do contrato e, se así o oferta, outros letrados a maiores de apoio ao principal.
- Se ben non se esixe presenza continuada nas instalacións municipais do/s letrado/s adscrito/s á execución deste contrato, deberán ter **dispoñibilidade para a asistencia diaria** a cantas reunións sexan convocados co xefe da Asesoría Xurídica municipal ou funcionarios públicos responsables da tramitación dos expedientes administrativos en orde á preparación dos procedementos xudiciais nos que vaia a intervir así como á recepción e entrega da documentación necesaria con tal finalidade. Esta condición deberá ser considerada obriga contractual esencial e o seu incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato administrativo.
- Cando o Concello acorde a iniciación dun proceso xudicial ou o órgano xurisdiccional notifique ao Concello a iniciación dun proceso xudicial contra él, notificarase ao contratista para o inicio das actuacións en orde á defensa dos intereses da Administración no asunto concreto que se trate.



## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

- O contratista terá a partir dese momento **acceso á documentación** remitida polo órgano xurisdiccional así como ao expediente administrativo ou outros documentos precisos para o coñecemento e estudo do asunto, debendo acceder a esta documentación con carácter xeral nas dependencias municipais.
- Poderá solicitar ao empregados públicos municipais a través da Asesoría Xurídica canta información sexa precisa en relación co expediente obxecto do procedemento xudicial para a correcta e axeitada defensa dos intereses municipais, mantendo cos mesmos as reunións que resulten pertinentes a tal efecto.
- O contratista será directamente **responsable da devolución da documentación** municipal que lle sexa entregada por razón das actuacións procesais nas que interveña, no mesmo estado no que foi recibida.
- O contratista deberá garantir a absoluta **confidencialidade da información e documentación á que teña acceso con ocasión da execución do contrato**. Esta condición deberá ser considerada obriga contractual esencial e o seu incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato administrativo.
- A decisión sobre o inicio de accións ou para desistir ou transixir sobre as mesmas, así como para transaccionar en calquer procedemento xudicial, deberá ser adoptada polos órganos competentes do Concello conforme á lexislación vixente.
- O contratista será o responsable ante o Concello da boa marcha dos procedementos xudiciais nos que estea a intervir, polo que deberá poñer os medios necesarios ante calquer incidencia que puidese afectar aos traballos dos letrados adscritos á execución do contrato.
- O contratista deberá absterse de prestar servizos profesionais a calquer persoa física ou xurídica durante o período de execución do contrato e durante o ano seguinte, cando de elo puidese derivarse un conflito de intereses co Concello.
- O contratista deberá contar cos **seguros** que sexan obrigatorios para o exercizo da actividade contratada así como un seguro que cubra as responsabilidades derivadas da execución do contrato.
- O letrado principal e os letrados de apoio no seu caso deberán posuír os coñecementos necesarios para levar a cabo a súa intervención nos procedementos xudiciais preferentemente en lingua galega.

### TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato terá unha duración de **SEIS MESES** contados dende a data de formalización do contrato administrativo e poderá ser prorrogado por outro período de seis meses sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de **UN ANO**.

### CUARTA. ORZAMENTO DO CONTRATO.

O prezo do contrato establecerase tendo en conta un número máximo de procedementos xudiciais e en base a prezos unitarios por procedemento no que interveña. Non obstante, o prezo finalmente aboado ao contratista será en función dos asuntos nos que efectivamente teña intervido, podendo igualmente o Concello facer unha redistribución dos mesmos sen superar en ningún caso o prezo máximo do contrato.

32





Orde xurisdiccional contencioso – administrativo

- Procedemento ordinario, incluíndo toda a tramitación do procedemento ata a sentenza de primeira instancia: 600 euros. Cando o procedemento se tramite ante Tribunal Superior de Xustiza ou Audiencia Nacional: 750 euros.

- Procedemento abreviado. Tramitación de todo o procedemento ata a sentenza: 400 euros.

- Recurso de apelación. Interposición ou oposición ao interposto de contrario: 300 euros.

Orde xurisdiccional social

- Procedemento de primeira ou única instancia: 300 euros.

- Recursos: 120 euros.

Orde xurisdiccional civil

- Xuízo ordinario: 600 euros.

- Recursos: 200 euros.

Orde xurisdiccional penal

- Actuacións en dilixencias previas: 150 euros.

- Xuízos por delitos leves: 150 euros.

O prezo do contrato para o período inicial de seis meses ascende á cantidade de **23.920 euros mais o 21% IVE (5.023,20 euros)**

O **valor estimado** do contrato ascende á cantidade de **47.840 euros**.

**QUINTA. PAGAMENTO**

O pagamento realizarase mediante facturas unha vez recaída sentenza no procedemento no que interveña o contratista podendo fraccionarse o pagamento do seguinte xeito:

- 50% do prezo ofertado ou establecido no prego unha vez presentada ante o órgano xurisdiccional a demanda ou contestación á demanda, recurso ou oposición ao recurso.
- 50% restante unha vez recaída sentenza no procedemento con aplicación no seu caso da rebaixa porcentual ofertada.

Nas facturas presentadas deberá especificarse o número e identificación dos procedementos no que interviña. Unha vez rematado o prazo de duración do contrato, en relación cos procedementos que se atopen pendentes nesa data, presentarse a factura con posterioridade por cada un dos procedementos.

En relación coas actuacións en dilixencias na orde xurisdiccional penal, poderá presentarse a factura unha vez realizada a actuación.”

TERCEIRO.- Adoptar o compromiso de incluír no Orzamento 2017 do importe de 28.943,20 euros, IVE incluído, con cargo á aplicación 92006.22604 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden do contrato no exercicio 2017 (RC FUT 99247/16).

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 157 e seguintes do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 16x510060833

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-12-2016

novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e o do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**